

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO 02.11.2023

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 18.07 h do 02.11.2023, baixo a presidencia do alcalde Juventino José Trigo Rey, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión ordinaria convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Alejandra Permuy Meizoso, Manuel Polo Gundín, Cristina García Moroño, Justo Martínez Ardá, María de los Ángeles Coira López, Adán Chao Pardo, Gumersindo Pedro Galego Feal, Rocío Aurora Bértoa Puente, Tamara Miragaya López, José Andrés Serantes Panceiras, Alejandro Dopico Rodríguez, Noemí Carballo Cabo, Joaquín Julián Ayala Garrido, María José Ares Sanmartín, Eloy Rico López e María Carmen Martínez Rodríguez.

Secretaria: Estefanía Manteiga Lamas

Interventora: Eva María Casal Sanjurjo

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 05.10.2023

Ao non haber ningunha obxección, queda aprobada a acta da sesión ordinaria do 05.10.2023

2. Dación de conta das Resolucións da alcaldía dende a núm. 1011/2023 á 1131/2023; en especial, da Resolución da alcaldía 1125/2023, do 24 de outubro, de modificación do réxime de delegación das áreas de goberno.

Os/as concelleiros/as danse por informados/as.

O alcalde decide alterar a orde do día, logo da petición dos asistentes que presentaron a moción de dignificación dos profesionais da avogacía.

3. Mocións urxentes

3.1 Moción sobre a dignificación dos profesionais da avogacía e a procura en relación coa quenda de oficio, dereitos laborais básicos e xubilacións.

Queda introducida na orde do día, logo de que se ratificara a súa urxencia por unanimidade, a seguinte moción:

“AO CONCELLO DE FENE

MOCIÓN SOBRE A DIGNIFICACIÓN DOS PROFESIONAIS DA AVOGACÍA E A PROCURA EN RELACIÓN COA QUENDA DE OFICIO, DEREITOS LABORAIS BÁSICOS E XUBILACIÓN

A plataforma Marea Negra Galicia e o Movemento #J2, a través dun dos seus voceiros en Ferrolterra, María Luisa Pérez Pérez, con DNI nº 44.428.656Q, diante dese Concello presentan Moción a fin de que se faga chegar a tódolos grupos políticos con representación no Pleno Municipal, aos efectos de que se así o consideran, fagan súa a presente **MOCION**, nos termos que se deixan expostos, elevándoa ao Pleno para o seu debate e no seu caso aprobación, ao aveiro da normativa aplicable, moción sobre a dignificación dos profesionais da avogacía e a procura

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Quenda de Oficio, constituída por avogados/as e procuradores/as é un servizo público esencial para garantía un estado de dereito e a tutela xudicial efectiva dos máis desfavorecidos. O acceso á xustiza por parte de todos os cidadáns é un dereito fundamental consagrado constitucionalmente, sendo este colectivo quen presta ese servizo a través de profesionais cualificados, en preparación continua para lograr un servizo de máxima calidade. Trátase dun dos servizos públicos mellor valorados polos usuarios, estimándose que un 82% deles valoranno positivamente.

C-0
069
150
P-
E-
C.I.

Somos profesionais con vocación de servizo público, prestado por mandato directo da Administración, en Galicia por mandato da Xunta de Galicia, sen que se teña cotizado xamais polo tempo adicado a un servizo prestado, os 365 días do ano, sempre con dificultades para poder traballar nunhas condicións mínimas de dignidade. Por elo resulta imprescindible que se nos recoñezan os mesmos dereitos laborais e sociais básicos que ao resto dos cidadans.

Malia atoparnos diante dunhas profesións nas que, tradicionalmente, asúmese por parte dos cidadans que son ben remuneradas, a situación real é moi lonxana da imaxe social que se proxecta, xa que os avogados/as e procuradores/as da quenda de oficio carecen de dereitos dos que hoxe sería impensable privar a calquer outro traballador. As reclamacións do colectivo non son todas económicas, tampouco as máis relevantes, pero a dignidade dun traballo ou dun servizo, necesariamente implica unha remuneración digna.

Na quenda de oficio non temos días libres, non temos dereito a permisos de paternidade/maternidade, nin por falecemento dun familiar, nin por enfermidade propia, nin dun familiar directo. Non existe norma que estableza os nosos dereitos nestas situacións para que se suspendan as vistas e prazos procesais. Non temos dereito á conciliación familiar, laboral ni persoal, nin á desconexión dixital, nin ao descanso. Todo isto estamos reivindicando.

Por riba, a remuneración dos servizos na quenda de oficio é insignificante, e hai tantas actuacións que non se remuneran que o servizo adoita resultar deficitario para os profesionais que o prestan. Aboanse cantidades irrisorias (20 euros por unha entrada e rexistro de 11 horas de traballo) ou directamente non se pagan outras actuacións (as gardas as que non son chamados, recursos, actuacións extraxudiciais, redacción de escritos procesuais...). Os transportes tampouco se pagan (coche, combustible, seguros... son asumidos polo profesional), o seguro de accidentes non existe (pagao o profesional), o persoal que tramita a xustiza gratuita son empregados dos colexios profesionais (pagados en parte coas cuotas aboadas por éstos), os impresos, papel e copias, pagaas o profesional e, para rematar, pero especialmente importante:

os servizos prestados non se recoñecen a ningún efecto (nin se cotizan á seguridade social, nin computan para os concursos ou oposicións, nin en ningún outro sentido).

O profesional da avogacía e da procura, adscrito ou non á quenda de oficio, non ten dereito á xubilación. Vese obrigado a continuar eternamente no seu traballo, posto que as súas xubilacións sonno en contías na maior parte dos casos inferiores as dunha pensión non contributiva, malia cotizar durante toda a súa vida profesional. Ata o año 1995 estos profesionais non podían darse de alta no sistema público de traballadores autónomos ou RETA; obrigábaselles, como única opción posible, a adherirse a un sistema privado, as mutualidades. Cando se abriu a posibilidade de adscribirse ao sistema público, e ata hoxe así continúa sendo, o exercicio desta posibilidade implicaba para os avogados/as cotizantes na Mutualidad General de la Abogacía ou en Altermutua, ou os procuradores/as na Mutualidad dos Procuradores, que todo o aportado queda atrapado nesa entidade privada.

Dende os colexios profesionais continuouse potenciando e recomendando a permanencia dentro das mutualidades e a afiliación ás mesmas para os novos colexiados, prometéndolles mellores prestacións e pensións lixeiramente superiores ás do RETA para pagos ao longo da vida profesional similares, sendo a Mutualidad a que establecía as tablas de cotización de cada mutualista. Pero no momento da efectiva xubilación en ningún caso estanse aboando as pensións prometidas, xa que na maior parte dos casos son inferiores a 500 euros, aínda por riba non actualizables, son moitos os compañeiros/as que se están xubilando con pensións de entre trescentos e quinientos euros. Esa cantidade mensual é a que cobraremos ao longo de toda a nosa vida, sin que se lle aplique absolutamente ningún coeficiente de actualización, un xubilado que a día de hoxe cobre 400 euros, pasados vinte anos cobrará 400 euros, manifestándosenos agora ademais que os nosos fondos non están garantidos, posto que por posteriores reformas legislativas o que era un plan alternativo de xubilación pasou a ser un plan de pensións individuais, moi alonxado do prometido, con pensións vitalicias ridículas, sempre inferiores ao importe dunha pensión non contributiva.

Agora, novamente voltan a artellarse reformas no sistema de protección mutual alternativo ao público. Un sistema inicialmente imposto, posteriormente alabado e incentivado e, finalmente, transformado. Unha vez máis lévase a cabo sen contar coa opinión do colectivo afectado. Mentres, os profesionais constatan que os seus compañeiros/as máis vellos non se poden xubilaren e que as estimacións dos que son máis novos poidan facelo son cada vez máis irreais.

Non solicitamos ningún privilexio, prebenda ou prestación a cargo dos contribuintes ou do resto de traballadores. Interesamos que se nos permita trasladar o noso diñeiro que temos retido nas entidades privadas mutuais, as cotizacións de toda unha vida, ao sistema público, igual que xa se fixo no seu día con notarios e corredores de comercio. Prerendemos que se nos trate do mesmo

C-0
369
150
P-
F-
C.I.

CVD: 8EhAmrRlKsBRuWm2lrSr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR Estefanía Manteiga Lamas (FECHA: 11/12/2023 10:29:00) , Juventino José Trigo Rey (FECHA: 11/12/2023 11:56:00)

Versión imprimible

xeito que ao resto de traballadores/as, rematando cun problema social que non debe seguir sendo obviado, nin ocultado, nin parcheado, senon que ten que ser afrontado sen dilación e con carácter urxente para atoparlle solucións.

Os avogados/as e a procura mutualista non ten dereito a unha incapacidade permanente total, non temos pagas extraordinarias, non temos cese de actividade, os nosos fillos non teñen dereito a pensión de orfandade, non existe a pensión de viudedade, os profesionais ó longo da nosa vida profesional so podemos ter baixa por IT durante 365 días, en toda a nosa vida, e si o que padecemos en unha enfermidade psicolóxica, so durante 60 días podemos ter baixa por tal padecemento, ata 2012 non tínamos nin seguro médico... todos eles son dereitos esenciais para calquer traballador/a, e os que loitan pola procura de estos dereitos nos tribunais carecen deles.

Tanto a abogacía como a procura está loitando polo que é de xusticia ó longo de toda España, estas mociones están sendo presentadas en Concellos, Diputación e nos Parlamentos Autonómicos, na maior parte en forma de PNL presentadas por grupos políticos, todas elas sendo aprobadas de maneira unánime pola totalidade dos grupos, así xa se aprobaron PNL nos parlamentos de Andalucía, Galicia, Cantabria, Cataluña..., pendente de celebración en Murcia, Canarias, Madrid... polo concello e deputación de cadiz, en Jaén, en Jerez, Ponferrada... aprobándose sempre por unanimidade.

Por todo o exposto e co fin de avanzar na solución destes problemas, preséntase, para a súa aprobación, a seguinte

MOCIÓN:

1. Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno de España a promover as modificacións normativas necesarias para garantir unha remuneración digna polas actuacións realizadas polos profesionais da avogacía e a procura que traballan na Quenda de Oficio, e a remuneración da totalidade das actuacións e do servizo digna, e actualizable anualmente conforme ao IPC, establecendo orzamentos específicos para a Xustiza gratuita.
2. Instar ao Goberno Galego e ao Goberno de España para que se estableza un marco xurídico de referencia, aprobando un Estatuto Xurídico dos Avogados/as e Procuradores/as da Quenda de Oficio, que mediante una norma legal, independente e específica, regule a relación destes profesionais coa Administración na prestación do servizo, fixando os dereitos de conciliación, desconexión e descanso así como os efectos do tempo traballado en materia de Seguridade Social, con carácter retroactivo, nas mesmas condicións que ao resto de traballadores.
3. Instar ao Goberno de España a promover as modificacións normativas necesarias para establecer unha ventá ou pasarela que permita a posibilidade puntual, individual e voluntaria, de que os/as profesionais da avogacía e a procura que o desexen poidan recuperar as suas aportacións ás mutualidades privadas con destino ao RETA, así como a posibilidade de completar cotización, Débese garantir a tódolos profesionais, en función dos seus anos de exercizo e cotización ás mutualidades, o dereito a unha pensión de xubilación digna, nas mesmas condicións que os cotizantes do RETA, incluídos para aqueles que xa conforman as clases pasivas, así como melloras fiscais en fase de xubilación no referente ó rescate das cantidades aportadas e melloras na compatibilidade do cobro da pensión de xubilación e ó exercizo da profesión.
4. Trasladar estos acordos á Xunta de Galicia, ao Goberno de España, a todos os grupos parlamentarios con representación no Parlamento de Galicia e de España, así como ao Parlamento Europeo, ao Consello da Avogacía Galega, ao Consejo General de la Abogacía Española e á Dirección General de Seguros y Fondos de Pensiones.

OUTROSÍ DIGO.- Que vense a interesar:

1º.- Que se notifique a estes solicitantes a data de votación da moción e posterior resultado da mesma, mediante as direccións de correo electrónico:

abogaciaferrolunida@gmail.com luisaperez.abogado@gmail.com

2º.- Que se permita a intervención no debate da Moción, dun voceiro/a que poida expor con detalle o problema que aquí trasladámoslles."

Logo dunha intervención do representante da Plataforma que presenta a moción, procédese á votación desta.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade do/as concelleiro/as.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1. Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno de España a promover as modificacións normativas necesarias para garantir unha remuneración digna polas actuacións realizadas polos profesionais da avogacía e a procura que traballan na Quenda de Oficio, e a remuneración da totalidade das actuacións e do servizo digna, e actualizable anualmente conforme ao IPC, establecendo orzamentos específicos para a Xustiza gratuita.
2. Instar ao Goberno Galego e ao Goberno de España para que se estableza un marco xurídico de referencia, aprobando un Estatuto Xurídico dos Avogados/as e Procuradores/as da Quenda de Oficio, que mediante una norma legal, independente e específica, regule a relación destes profesionais coa Administración na prestación do servizo, fixando os dereitos de conciliación, desconexión e descanso así como os efectos do tempo traballado en materia de Seguridade Social, con carácter retroactivo, nas mesmas condicións que ao resto de traballadores.
3. Instar ao Goberno de España a promover as modificacións normativas necesarias para establecer unha ventá ou pasarela que permita a posibilidade puntual, individual e voluntaria, de que os/as profesionais da avogacía e a procura que o desexen poidan recuperar as súas aportacións ás mutualidades privadas con destino ao RETA, así como a posibilidade de completar cotización, Débese garantir a tódolos profesionais, en función dos seus anos de exercizo e cotización ás mutualidades, o dereito a unha pensión de xubilación digna, nas mesmas condicións que os cotizantes do RETA, incluídos para aqueles que xa conforman as clases pasivas, así como melloras fiscais en fase de xubilación no referente ó rescate das cantidades aportadas e melloras na compatibilidade do cobro da pensión de xubilación e ó exercizo da profesión.
4. Trasladar estes acordos á Xunta de Galicia, ao Goberno de España, a todos os grupos parlamentarios con representación no Parlamento de Galicia e de España, así como ao Parlamento Europeo, ao Consello da Avogacía Galega, ao Consejo General de la Abogacía Española e á Dirección General de Seguros y Fondos de Pensiones.

C-0
096
150
P-
E-
C.I.

4. Dación de conta do período medio de pago do terceiro trimestre do 2023

Os/as concelleiros/as danse por informados/as.

5. Aprobación, se procede, da Proposta de modificación da ordenanza fiscal núm. 25, reguladora do Imposto municipal sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana.

Consta no expediente o seguinte informe-proposta que foi ditaminado favorablemente por 4 votos a favor (3 do grupo municipal do BNG, e 1 do grupo Mixto municipal), 3 votos en contra (3 do grupo municipal do Partido Popular) e 2 abstencións (2 do grupo municipal Socialista) en sesión da Comisión Informativa de Dinamización Económica do 23.10.2023:

““INFORME - PROPOSTA

Expediente número: 2023/G016/000001

Procedimiento: Modificación de Ordenanza fiscal

Asunto: Modificación da Ordenanza fiscal número 25 reguladora do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana

Paula González Pazos, técnica de xestión do departamento de Xestión Económica do Concello de Fene, emito o seguinte **INFORME** con base aos seguintes

1.- ANTECEDENTES

- Ordenanza fiscal número 25 reguladora do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana

- Providencia de Alcaldía do 13 de outubro de 2023 no que se xustifica a necesidade da revisión do contido da mesma, en cumprimento do artigo 71 da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2023, no cal se establecen os importes máximos dos coeficientes a aplicar sobre o valor dos terreos no momento do devengo, según o período de xeración do

incremento do valor, ao que se refire o apartado 4 do artigo 107 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo

2.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A lexislación aplicable ao asunto de referencia é a seguinte:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
 - Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
 - Real decreto-ley 26/2021, do 8 de novembro, polo que se adapta o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, á recente xurisprudencia do Tribunal Constitucional respecto do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana.
 - Ley 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
 - Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria
 - Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia
 - Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, que aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local
 - Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais
 - Ordenanza fiscal número 25 reguladora do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana
5. Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2023
- STS 108/2023, de 31 de xaneiro, pola que se declara o trámite de consulta previa previsto no artigo 133.1 da Ley 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), non esixible en relación coa elaboración e aprobación das ordenanzas fiscais.

3.- CONSIDERACIÓNS

Logo de ver Providencia de Alcaldía do 13 outubro de 2023 no que se xustifica a necesidade de revisión do contido da Ordenanza fiscal número 25 reguladora do Imposto sobre o Incremento de valor dos Terreos de Natureza Urbana.

Segundo o disposto no artigo 59.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana é un imposto de carácter potestativo. A súa regulación recóllese nos artigos 104 a 110 do dito Real decreto lexislativo.

O artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local recoñece como potestade dos municipios a tributaria e financeira. En base ao artigo 106.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 15 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a dita potestade tributaria exercerase a través de Ordenanzas fiscais reguladoras dos seus tributos propios e de Ordenanzas xerais de xestión, recadación e inspección.

As Ordenanzas fiscais deberán conter, por aplicación do artigo 16 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais os seguintes aspectos: “[...]

a) La determinación del hecho imponible, sujeto pasivo, responsables, exenciones, reducciones y bonificaciones, base imponible y liquidable, tipo de gravamen o cuota tributaria, período impositivo y devengo.

C-0
09E
15I
P-
F:
C.I

b) Los regímenes de declaración y de ingreso

c) Las fechas de su aprobación y del comienzo de su aplicación. [...], establecendo o artigo 19 “[...] Las ordenanzas fiscales de las entidades locales a que se refiere el artículo 17.3 de esta ley regirán durante el plazo, determinado o indefinido, previsto en ellas [...]”.

O Concello de Fene conta coa Ordenanza fiscal número 25 reguladora do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana.

A Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos xerais do Estado para ano 2023, no seu artigo 71 modifica o apartado 4 do artigo 107 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e establece dende a súa entrada en vigor os novos importes máximos dos coeficientes a aplicar sobre o valor do terreo no momento do devengo, según o período de xeración do incremento do valor.

O artigo 107.4 do TRLF, regula os coeficientes a aplicar sobre o valor do terreo no momento do devengo. Estes coeficientes viñan regulados no Real Decreto-Lei 26/2021, de 8 de novembro, e regulados na Ordenanza actualmente en vigor, no artigo 6.4.

No mesmo artigo 107.4, por outra banda, se establece como segue:

“[...] Estos coeficientes máximos serán actualizados anualmente mediante norma con rango legal, pudiendo llevarse a cabo dicha actualización mediante las leyes de presupuestos generales del Estado [...]”

A modificación da Ordenanza fiscal número 25 proposta na providencia da Alcaldía do 13 de outubro de 2023, supón unha actualización dos coeficientes para poder calcular a base impoñible do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana, tendo en conta o disposto no artigo 71 da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, no cal se establecen os importes máximos dos coeficientes a aplicar sobre o valor dos terreos no momento do devengo.

Segundo o previsto nos artigos 15 a 19 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o procedemento legal para a modificación das Ordenanzas fiscais é o seguinte:

5. Aprobación inicial polo Pleno da Corporación mediante o voto favorable da maioría simple dos membros presentes, previo o seu ditame pola Comisión Informativa correspondente.
6. Exposición ao público do acordo provisional por un prazo de trinta días mediante anuncio no taboleiro de anuncios do Concello, no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da Provincia, co fin de que os interesados podan examinar o expediente e interpoñer, no seu caso, as reclamacións que estimen oportunas.
7. Finalizado o período de exposición pública, adoptaranse os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións presentadas e aprobando a redacción definitiva das modificacións a que se refire o acordo provisional. No caso de que non se tiveran presentado reclamacións durante o dito período, o acordo ata entón provisional, entenderase definitivamente adoptado sen necesidade dun novo acordo plenario.
8. O acordo definitivo, así como o texto definitivo da modificación deberán publicarse integramente no Boletín Oficial da Provincia, sen que entre en vigor ata a dita publicación. Os acordos de modificación deberán conter a nova redacción das normas afectadas e as datas da súa aprobación e comezo da súa aplicación, rexendo durante o prazo, determinado ou indeterminado, previsto nelas.

O artigo 133.4 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas regula a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas de carácter legal e regulamentario establece: “[...] 4. Podrá prescindirse de los trámites de consulta, audiencia e información públicas previstos en este artículo en el caso de normas presupuestarias u organizativas de la Administración General del Estado, la Administración autonómica, la Administración local o de las organizaciones dependientes o vinculadas a éstas, o cuando concurran razones graves de interés público que lo justifiquen.

C-0
096
150
P-
F:
C.I

CVD: 8EhAmtRlKSBRuWm2lrSr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Cuando la propuesta normativa no tenga un impacto significativo en la actividad económica, no imponga obligaciones relevantes a los destinatarios o regule aspectos parciales de una materia, podrá omitirse la consulta pública regulada en el apartado primero. Si la normativa reguladora del ejercicio de la iniciativa legislativa o de la potestad reglamentaria por una Administración prevé la tramitación urgente de estos procedimientos, la eventual excepción del trámite por esta circunstancia se ajustará a lo previsto en aquella. [...]”.

Á vista da STS 108/2023, do 31 de xaneiro, o Tribunal Supremo declara que o artigo 17 da Lei de Facendas Locales, que regula o procedemento de elaboración e aprobación das ordenanzas fiscais locais, constitúe lexislación especial por razón da materia, feito polo que, seguindo a Disposición adicional 1ª da LPACAP non sería esixible seguir o trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da LPACAP, como trámite previa ao procedemento de elaboración e aprobación das ordenanzas fiscais.

En base ao que antecede, infórmase favorablemente a modificación da ordenanza fiscal número 25 reguladora do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana e proponse a adopción do acordo, nos termos que a continuación se indican:

Primeiro.- Aprobamos provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal número 25 do Concello de Fene conforme á redacción que se inclúe no texto refundido da ordenanza que se transcribe como anexo.

Segundo.- De acordo co previsto no artigo 17 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locales, o acordo de modificación da ordenanza fiscal exporase ao público por un periodo de trinta días mediante edicto insertado no taboleiro de anuncios do Concello, no boletín oficial da provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia por ser municipio de máis de 10.000 habitantes, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen pertinentes. De non presentarse reclamación ningunha contra o acordo inicialmente adoptado, entenderase definitivamente aprobado.

Documento asinado dixitalmente en Fene, na data que figura na marxe, coa conformidade da tesoureira municipal.

ORDENANZA FISCAL Nº 25 REGULADORA DO IMPOSTO MUNICIPAL SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA

Artigo 1. Fundamento legal

1.- De conformidade co disposto nos artigos 15.1 e 59.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establécese o Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana.

2.- Este imposto rexerese:

- Polo previsto nos artigos 104 e seguintes do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e polas demais disposicións legais e regulamentarias ditas para o seu desenvolvemento.
- Pola presente Ordenanza fiscal

Artigo 2. Natureza e feito imponible

1.- O Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana é un tributo directo.

2.- O feito imponible está constituído polo incremento de valor que experimenten os terreos de natureza urbana e que se poña de manifesto a consecuencia da transmisión da súa propiedade por calquera título, ou da constitución ou transmisión de calquera dereito real de goce, limitativo do dominio, sobre os referidos bens.

3.- O título a que se refire o apartado anterior consistirá en:

- a) Negocio xurídico "mortis causa"
- b) Declaración formal de herdeiros "ab intestado"
- c) Negocio xurídico "inter vivos", sexa de carácter oneroso ou gratuito
- d) Alleamento en poxa pública
- e) Expropiación forzosa

4.- Estará suxeito o incremento de valor que experimenten os terreos que deban ter a consideración de urbanos a efectos do dito Imposto sobre Bens Inmóveis, con independencia de que estean ou non contemplados como tales no Catastro ou no Padrón de aquel. Estará, así mesmo, suxeito ao mesmo o

C-0
069
150
P-
E-
C-1

incremento do valor que experimenten os terreos integrados nos bens inmobles clasificados como de características especiais a efectos do Imposto sobre Bens Inmobles.

5.- Terán a consideración de terreos de natureza urbana: O solo urbano, o susceptible de urbanización e o urbanizable dende o momento en que se aprobe un Proxecto de Urbanización, os terreos que dispoñan de vías pavimentadas ou encintado de beirarrúas e teñan ademais servizos de sumidoiros, subministro de auga, electricidade e alumado público, ademais dos ocupados por construcións de natureza urbana.

Artigo 3. Supostos de non suxeición

1.- Non está suxeito a este imposto o incremento do valor que experimenten os terreos que teñan a consideración de rústicos aos efectos do Imposto sobre Bens Inmobles.

2.- Non se producirá a suxeición ao imposto nos supostos de achegas de bens e dereitos realizadas polos cónxuxes á sociedade conxugal, adxudicacións que ó seu favor e en pago delas se verifiquen e as transmisións que se fagan ós cónxuxes en pago dos seus haberes comúns.

Tampouco se producirá a suxeición ao imposto nos supostos de transmisións de bens inmobles entre cónxuxes ou a favor dos fillos, como consecuencia do cumprimento de sentenzas nos casos de nulidade, separación ou divorcio matrimonial, sexa cal sexa o réxime económico matrimonial.

3.- Non se devengará o imposto con ocasión das achegas ou transmisións de bens inmobles efectuadas á Sociedad de Gestión de Activos Procedentes de la Reestructuración Bancaria, SA regulada na disposición adicional sétima da Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestructuración e resolución de entidades de crédito, que se lle transferisen, de acordo co establecido no artigo 48 do Real decreto 1559/2012, do 15 de novembro, polo que se establece o réxime xurídico das sociedades de xestión de activos.

Non se producirá o devengo do imposto con ocasión das achegas ou transmisións realizadas pola Sociedad de Gestión de Activos Procedentes de la Reestructuración Bancaria, SA, a entidades participadas directa ou indirectamente pola devandita Sociedade en polo menos o 50 por cento do capital, fondos propios, resultados ou dereitos de voto da entidade participada no momento inmediatamente anterior á transmisión, ou como consecuencia da mesma.

Non se devengará o imposto con ocasión das achegas ou transmisións realizadas pola Sociedad de Gestión de Activos Procedentes de la Reestructuración Bancaria, SA, ou polas entidades constituídas por esta para cumprir co seu obxecto social, aos fondos de activos bancarios, a que se refire a disposición adicional décima da Lei 9/2012, do 14 de novembro.

Non se devengará o imposto polas achegas ou transmisións que se produzan entre os citados Fondos durante o período de tempo de mantemento da exposición do Fondo de Reestructuración Ordenada Bancaria aos Fondos, previsto no apartado 10 de dita disposición adicional décima.

Na posterior transmisión dos inmobles entenderase que o número de anos ao longo dos cales se puxo de manifesto o incremento de valor dos terreos non foi interrompido por causa da transmisión derivada das operacións previstas neste apartado.

4.- Non se producirá a suxeición ao imposto nas transmisións de terreos nos que se constate a inexistencia de incremento de valor pola diferenza entre os valores dos devanditos terreos nas datas de transmisión e adquisición.

Para estes efectos, as persoas interesadas en acreditar a inexistencia de incremento de valor deberán declarar a transmisión, e aportar os títulos que documenten a adquisición e a transmisión. Entenderase por persoas interesadas, as persoas ou entidades a que se refire o artigo 5 da presente Ordenanza fiscal.

Para a comprobación da inexistencia de incremento de valor, como valor de transmisión e o de adquisición do terreo, tomarase, en cada caso, o maior dos seguintes valores, sen que a este fin, poidan computarse os gastos polos tributos que graven as ditas operacións:

a) O que conste no título que documente as operacións

b) O comprobado, no seu caso, pola Administración

C-0
093
150
P-
F-
C.I.

FIRMADO POR Estefanía Manteiga Lamas (FECHA: 11/12/2023 10:29:00) , Juventino José Trigo Rey (FECHA: 11/12/2023 11:56:00)

Versión imprimible

CVD: 8EhAmrLkSBRuWm2lrSr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Cando se trate da transmisión dun inmovible no que exista solo e construción, tomarase como valor do solo, o que resulte de aplicar a proporción que represente na data do devengo do imposto o valor catastral do terreo respecto do valor catastral total. Esa proporción será de aplicación tanto ao valor de transmisión como, no seu caso, ao de adquisición.

Se a adquisición e a transmisión fora a título lucrativo, aplicaranse as regras dos parágrafos anteriores tomando, no seu caso, polo primeiro dos valores a comparar sinaladas anteriormente, o declarado no Imposto sobre sucesións e doazóns.

Na posterior transmisión dos inmovibles aos que se refire este apartado, para o cómputo do número de anos ao longo dos que se pon de manifesto o incremento de valor dos terreos, non se terá en conta o período anterior á súa adquisición. No entanto, isto non será de aplicación para os supostos de achegas e transmisións de ben inmovibles que resulten non suxeitas segundo o disposto no apartado 3 deste artigo ou na disposición adicional segunda da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do Imposto sobre Sociedades.

Artigo 4. Exencións

1.- Están exentos deste imposto os incrementos de valor que se manifesten como consecuencia dos actos seguintes:

a) Constitución e transmisión de calquera dereito de servidume

b) As transmisións de bens que se atopen dentro do perímetro delimitado de Conxunto Histórico-Artístico ou que puideran ser declarados individualmente de interese cultural, segundo o establecido na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, cando os seus propietarios ou titulares de dereitos reais acrediten que realizaron ao seu cargo obras de conservación, mellora ou rehabilitación en ditos inmovibles.

Para gozar desta exención deberanse acreditar os seguintes extremos:

- A declaración individual de interese cultural mediante invocación da norma de rango suficiente na que se conteña a súa situación concreta dentro do perímetro delimitado como Conxunto Histórico-Artístico, mediante real decreto ou norma de rango superior.

- Acreditarase a execución de proxectos de conservación, mellora ou rehabilitación debidamente autorizados, para o cal presentárase o proxecto, as licencias e permisos preceptivos e o certificado de fin de obra correspondente. Os servizos técnicos municipais incorporarán un informe respecto da necesidade ou utilidade das obras para a conservación do patrimonio.

- O suxeito pasivo deberá estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Fene respecto dos tributos que gravan o inmovible en cuestión e presentará declaración respecto de ter realizado ao seu cargo as obras.

c) As transmisións realizadas por persoas xurídicas con ocasión da dación en pago da vivenda habitual do debedor hipotecario ou garante do mesmo, para a cancelación das débedas garantidas con hipoteca que recaía sobre a mesma, contraídas con entidades de crédito ou calquera outra entidades que, de maneira profesional, realice a actividade de concesión de préstamos ou créditos hipotecarios.

Así mesmo, estarán exentas as transmisións da vivenda en que concorran os requisitos anteriores, realizadas en execucións hipotecarias xudiciais ou notariais.

Para ter dereito a exención requírese que o debedor ou o garante transmisor ou calquera outro membro da súa unidade familiar non dispoña, no momento de poder evitar o alleamento da vivenda, de outros bens ou dereitos en contía suficiente para satisfacer a totalidade da débeda hipotecaria. Se presumirá o cumprimento deste requisito. No entanto, se con posterioridade se comprobara o contrario, procederá a xirar a liquidación tributaria correspondente.

Para este fin, considerarase vivenda habitual aquela na que figurase empadroado o contribuínte de forma ininterrompida durante, polo menos, os dous anos anteriores a transmisión ou desde o momento da adquisición se devandito prazo fose inferior a dous anos.

C-0
096
150
P-
E-
C.I.

Respecto ao concepto de unidade familiar, estarse ao disposto na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio. Para estes efectos, se equipará o matrimonio coa parella de feito legalmente inscrita.

Respecto desta exención, non resultará de aplicación o disposto no artigo 9.2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

2.- Están exentos deste imposto, así mesmo, os incrementos de valor correspondentes cando a condición de suxeito pasivo recaía sobre as seguintes persoas ou entidades:

- a)** O Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais, ás que pertenza o municipio, así como os organismos autónomos do Estado e as entidades de dereito público de análogo carácter das comunidades autónomas e de ditas entidades locais
- b)** Este municipio e demais entidades locais integradas ou nas que se integre o mesmo, así como as súas respectivas entidades de dereito público de análogo carácter aos organismos autónomos do Estado
- c)** As institucións que teñan a cualificación de benéficas ou benéfico-docentes
- d)** As entidades xestoras da Seguridade Social e as mutualidades de previsión social reguladas pola Lei 30/1995, do 8 de novembro de ordenación e supervisión dos seguros privados
- e)** Os titulares de concesións administrativas reversibles respecto dos terreos afectados ás mesmas
- f)** A Cruz Vermella Española
- g)** As persoas ou entidades a cuzo favor se recoñece a exención en tratados ou convenios internacionais

C-0
096
150
P-
E:
C.I.

Artigo 5. Suxeitos pasivos

1.- Terán a condición de suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuínte:

- a)** Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio a título lucrativo, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que adquira o terreo ou a cuzo favor se constituía ou transmita o dereito real de que se trata
- b)** Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio a título oneroso, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que transmita o terreo, ou que constituía ou transmita o dereito real de que se trate

2.- Nos supostos a que se refire a letra b) do apartado anterior, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que adquira o terreo ou a cuzo favor se constituía ou transmita o dereito real de que se trate, cando o contribuínte sexa unha persoa física non residente en España.

Artigo 6. Base imponible

1.- A base imponible deste imposto estará constituída polo incremento de valor dos terreos de natureza urbana posto de manifesto no momento do devengo e experimentado ao logo dun período máximo de 20 anos.

Para a determinación da base imponible, terase en conta o valor do terreo no momento do devengo, de acordo co previsto nos apartados 2 e 3 deste artigo e a porcentaxe que corresponda en función do previsto no apartado 4.

2.- O valor do terreo no momento do devengo resultará do establecido nas seguintes regras:

- a)** Nas transmisións de terreos de natureza urbana, considerarase como valor dos mesmos, no momento de devengo deste imposto, o que teñan fixados en dito momento ós efectos do Imposto de Bens Inmóveis.

No entanto, cando dito valor sexa consecuencia dunha ponencia de valores que non reflecta modificacións de planeamento aprobadas con anterioridade, poderase liquidar provisionalmente este imposto de acordo ao mesmo. Nestes casos, na liquidación definitiva aplicarase o valor dos

terreos obtido conforme o sinalado no artigo 107.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, referido ao momento do devengo.

Cando o terreo, mesmo sendo de natureza urbana ou integrado nun ben inmobile de características especiais, no momento do devengo do imposto, non teña fixado valor catastral en dito momento, poderá practicar a liquidación cando o referido valor catastral sexa determinado, referindo o dito valor ao momento do devengo do imposto.

b) Na constitución e transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio, sobre terreos de natureza urbana, a porcentaxe correspondente aplicarase sobre a parte do valor definido no artigo anterior que represente, respecto do mesmo, o valor dos referidos dereitos, calculado segundo as seguintes regras:

1º. No caso de constituírse un dereito de usufruto temporal, o seu valor equivalerá a un 2% do valor catastral do terreo por cada ano de duración do mesmo, sen que poida exceder do 70% do dito valor catastral.

2º. Se o usufruto fose vitalicio, o seu valor, no caso de que o usufrutuário tivese menos de 20 anos, será equivalente ó 70% do valor catastral do terreo, minorándose esta cantidade nun 1% por cada ano que exceda de dita idade, até o límite mínimo do 10% do expresado valor catastral.

3º. Se o usufruto se establece en favor dunha persoa xurídica, por un prazo indefinido ou superior a 30 anos, considerarase como unha transmisión da propiedade plena do terreo suxeita a condición resolutoria, e o seu valor equivalerá ao 100% do valor catastral do terreo usufrutuado.

4º. Cando se transmita un dereito de usufruto xa existente, as porcentaxes expresadas nos apartados 1º, 2º e 3º anteriores, aplicaranse sobre o valor catastral do terreo no momento de dita transmisión.

5º. Cando se transmita o dereito de nuda propiedade, o seu valor será igual á diferenza entre o valor catastral do terreo e o valor do usufruto, calculado este último segundo as regras anteriores.

6º. O valor dos dereitos de uso e habitación será o que resulte de aplicar ao 75% do valor catastral dos terreos sobre os que se constituían tales dereitos, as regras correspondentes á valoración dos usufrutos temporais ou vitalicios, segundo os casos.

7º. Na constitución ou transmisión de calquera outro dereito real de goce limitativo do dominio, distinto dos enumerados nos apartados anteriores deste artigo e no seguinte, considerarase como valor dos mesmos, para os efectos deste imposto:

- O capital, prezo ou valor pactado ao constituílo, se fose igual ou maior que o resultado da capitalización ao tipo de xuro básico do Banco de España da súa renda ou pensión anual.

- Este último, se aquel fose menor.

c) Na constitución ou transmisión do dereito a elevar unha ou máis plantas sobre un edificio ou terreo, ou do dereito a realizar a construción baixo solo sen implicar a existencia dun dereito real de superficie, a porcentaxe correspondente aplicarase sobre a parte do valor catastral que represente, respecto ao mesmo, o módulo de proporcionalidade fixado na escritura de transmisión ou, no seu defecto, o que resulte de establecer a proporción entre a superficie ou volume das plantas a construír en voo ou en subsolo e a total superficie ou volume edificadas, unha vez construídas aquelas.

d) Nos supostos de expropiación forzosa, a porcentaxe correspondente aplicarase sobre a parte do prezo xusto que corresponda ao valor do terreo.

e) Nas transmisións de pisos ou locais en réxime de propiedade horizontal, o valor do terreo será o específico do solo que cada finca tivera fixado no Imposto sobre Bens Inmóveis e, se aínda non o tivera establecido, estimarase en función da cota de copropiedade que teña atribuída á finca alleada.

C-0
069
150
P-
E-
C.I.

3.- Para a determinación do período de tempo en que se xere o incremento de valor, tomaranse:

a) Os anos completos, transcorridos entre a data da anterior adquisición do terreo de que se trate, ou da constitución ou transmisión igualmente anterior dun dereito real de goce limitativo do dominio sobre o mesmo, e a produción do feito imponible deste imposto, sen que se teñan en consideración as fraccións de ano.

b) No caso de que o período de xeración sexa inferior ao ano, ratearase o coeficiente anual tendo en conta o número de meses completos, sen ter en conta as fraccións de mes.

c) Nos supostos de non suxeición, salvo que por lei se indique o contrario, a data de adquisición, que será a data na que se produciu o anterior devengo do imposto.

4.- O coeficiente a aplicar sobre o valor do terreo no momento do devengo, calculado segundo o disposto nos apartados anteriores, será:

Período de xeración	Coeficiente
Inferior a 1 ano	0,13
1 ano	0,12
2 anos	0,14
3 anos	0,14
4 anos	0,15
5 anos	0,15
6 anos	0,14
7 anos	0,11
8 anos	0,11
9 anos	0,08
10 anos	0,07
11 anos	0,07
12 anos	0,07
13 anos	0,07
14 anos	0,09
15 anos	0,10
16 anos	0,13
17 anos	0,17
18 anos	0,23

C-0
09E
150
P-
E:
C.I

CVD: 8EhAmtRlKsBRuWm21rSr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR Estefanía Manteiga Lamas (FECHA: 11/12/2023 10:29:00) , Juventino José Trigo Rey (FECHA: 11/12/2023 11:56:00)

Versión imprimible

19 anos	0,29
Igual ou superior a 20 anos	0,41

5.- Cando, a instancia do suxeito pasivo, segundo o procedemento establecido no apartado 4 do artigo 3 da presente Ordenanza, se demostre que o importe do incremento de valor é inferior ao importe da base imponible determinada segundo o disposto nos apartados anteriores deste artigo, tomarase como base imponible o importe do dito incremento de valor.

Artigo 7. Cota tributaria

1.- A cota tributaria deste imposto será a resultante de aplicar á base imponible o tipo de gravame do 27,47%, en relación co disposto no artigo 108, apartados 2 e 3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

2.- A cota líquida do imposto será o resultado de aplicar sobre a cota íntegra, no seu caso, a bonificación que se regula no artigo seguinte.

Artigo 8. Bonificacións

1.- Establécese unha bonificación do 90% sobre a cota íntegra do imposto nas transmisións, por causa de morte, da titularidade e nas transmisións ou constitucións de dereitos reais de goce limitativos do dominio a título lucrativo correspondente ao ben inmueble de natureza urbana que sexa a vivenda habitual do causante, cando os suxeitos pasivos do imposto sexan descendentes e adoptados, ou ascendentes e adoptantes, ou cónxuxe do causante ou convivinte con análoga relación de afectividade.

Considerarase vivenda habitual aquela que figure como domicilio do causante no padrón municipal de habitantes.

A aplicación desta bonificación quedará suxeita ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- a)** Esta bonificación deberá solicitarse dentro do prazo establecido no artigo 10.2b) desta ordenanza, para a presentación da declaración deste imposto
- b)** O suxeito pasivo deberá manter a titularidade e o uso do dito inmueble durante os 4 anos seguintes á transmisión. No caso de transmitir o inmueble dentro do citado prazo, excepto no caso do seu falecemento durante o dito prazo, procederase á liquidación da diferenza entre a cota íntegra e a cota líquida máis os xuros de mora correspondentes.
- c)** Que o valor catastral do solo sexa inferior ou igual a 5.000 €

Artigo 9. Devengo

1.- O imposto devengase:

- a)** Cando se transmita a propiedade do terreo, xa sexa a título oneroso ou gratuito, entre vivos ou por causa de morte na data da transmisión.
- b)** Cando se constitúa ou transmita calquera dereito real de goce limitativo do dominio, na data en que teña lugar a constitución ou transmisión.

Para os efectos do disposto no apartado anterior, considerarase coma data da transmisión:

- a)** Nos actos ou contratos entre vivos, a do outorgamento do documento público, e cando se trate de documentos privados, a da súa incorporación ou inscrición nun Rexistro Público ou a da súa entrega a un funcionario público por razón do seu oficio.
- b)** Nas transmisións por causa de morte, a do falecemento do causante.
- c)** Nas poxas xudiciais, administrativas ou notariais, se tomará excepcionalmente a data do auto ou providencia aprobando o remate se no mesmo queda constancia da entrega do inmueble. En calquera outro caso, estarase a data do documento público.
- d)** Nas expropiacións forzosas, a data da acta de ocupación e pago.

2.- Cando se declare ou recoñeza xudicial ou administrativamente por resolución firme, que tivo lugar a nulidade, rescisión ou resolución do acto ou contrato determinante da transmisión do terreo ou da constitución ou transmisión do dereito real de goce sobre o mesmo, o suxeito pasivo terá dereito á devolución do imposto satisfeito, sempre que o dito acto ou contrato non lle producise efectos lucrativos e sempre que reclame a devolución no prazo de 5 anos dende que a resolución

C-0
096
150
P-
F-
C.I.

quedou firme, entendéndose que existe efecto lucrativo cando non se xustifique que os interesados deban efectuar as recíprocas devolucíons a que se refire o artigo 1295 do Código Civil. Aínda que o acto ou contrato non producise efectos lucrativos, se a rescisión ou resolución se declarase por incumprimento das obrigas do suxeito pasivo do imposto, non haberá lugar a devolución ningunha.

3.- Se o contrato queda sen efecto de mutuo acordo entre as partes contratantes, non procederá a devolución do imposto satisfeito e considerarase como un acto novo suxeito a tributación. Como tal mutuo acordo, estimarase a avinza en acto de conciliación e a simple conformación coa demanda.

4.- Nos actos ou contratos en que medie algunha condición, a súa cualificación farase de acordo coas prescricíons contidas no Código Civil. Se fose suspensiva non se liquidará o imposto até que esta se cumpra.

Artigo 10. Normas de xestión, inspección e recadación

1.- Os suxeitos pasivos veranse obrigados a presentar perante este Concello declaración segundo o modelo determinado polo mesmo, no que se farán constar todos os elementos da relación tributaria que sexan necesarios para practicar a liquidación procedente.

2.- A dita declaración presentarase nos seguintes prazos, a contar desde a data en que se produza o devengo do imposto:

a) Cando se trate de actos inter vivos, o prazo será de 30 días hábiles.

b) Cando se trate de actos por causa de morte, o prazo será de 6 meses, prorrogables até 1 ano a solicitude do suxeito pasivo. A solicitude deberá expresar os bens da herdanza do causante cuxa transmisión estea suxeita a este imposto e a identificación dos suxeitos pasivos, expresando o seu nome, domicilio e NIF. No caso de non ser resolta a solicitude de prórroga no prazo de 1 mes, a contar desde a súa presentación, entenderase concedida por silencio administrativo.

3.- Coa declaración acompañaranse os documentos nos que consten os actos ou os contratos que orixinan a imposición.

4.- As liquidacións do imposto notificaranse integramente aos suxeitos pasivos, con indicación do prazo de ingreso e expresión dos recursos que procedan.

5.- Están igualmente obrigados a comunicar ao Concello a realización do feito imponible, nos mesmos prazos que os suxeitos pasivos:

a) Nos supostos contemplados na letra a) do artigo 5 da presente Ordenanza, sempre que se producisen por negocio xurídico entre vivos, o doante ou a persoa que constituía ou transmita o dereito real de que se trate.

b) Nos supostos contemplados na letra b) do dito artigo, o adquirente ou a persoa a favor da cal se constituía ou transmita o dereito real de que se trate.

6.- Así mesmo, os notarios estarán obrigados a remitir ao Concello, dentro da primeira quincena de cada trimestre, relación ou índice comprensivo de todos os documentos por eles autorizados no trimestre anterior, nos que se conteñan feitos, actos ou negocios xurídicos que poñan de manifesto a realización do feito imponible deste Imposto, con excepción dos actos de última vontade. Tamén estarán obrigados a remitir, dentro do mesmo prazo, relación dos documentos privados comprensivos dos mesmos feitos, actos ou negocios xurídicos, que lles fosen presentados para coñecemento ou lexitimación de firmas.

Na relación ou índice que remitan os notarios ao Concello deberán facer constar a referencia catastral dos bens inmoables cando a mesma se corresponda cos que sexan obxecto de transmisión.

O previsto neste apartado enténdese sen prexuízo do deber xeral de colaboración establecido na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

7.- A inspección e recadación do imposto realizarase de acordo co previsto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, nas demais do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento e na Ordenanza xeral de inspección, xestión e recadación.

Artigo 11. Infraccións e sancións

As infraccións e sancións en materia tributaria rexeranse polo disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e a súa normativa de desenvolvemento, e o que dispoña a Ordenanza xeral de inspección, xestión e recadación.

Disposición adicional única. Modificacións dos coeficientes máximos

C-0
369
150
P-
F:
C.I.

Cando como consecuencia da actualización mediante norma con rango de lei ou mediante a lei de orzamentos xerais do Estado, os coeficientes máximos previstos no apartado 4 do artigo 6 da presente Ordenanza resultaran ser superiores ao novo máximo legal, será de aplicación directa este, ata que entre en vigor a nova ordenanza fiscal que corrixa o devandito exceso.

Disposición derradeira única. Aprobación e vixencia

A modificación da presente ordenanza foi aprobada polo Pleno do Concello de Fene en data XX.XX.2023 e entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

Preséntase unha emenda por parte do grupo Socialista que non é aceptada pola Alcaldía xa que entende que pretende modificar o artigo 8 da ordenanza, cando ese artigo non forma parte do que se modifica na Proposta que se somete a aprobación, non podendo ser considerada, polo tanto, unha emenda á Proposta de acordo.

O grupo Socialista propón retirar o asunto da orde do día para poder consensuar un texto.

Á vista do que antecede, o alcalde somete a aprobación deixar sobre a mesa o asunto para mellor estudo.

Sometida a proposta de deixar sobre a mesa o asunto é aprobada pola unanimidade do/as concelleiro/as.

6. Aprobación se procede, da Moción do grupo municipal do Partido Popular contra a interposición dun recurso de inconstitucionalidade contra a Lei de ordenación integrada do litoral.

Consta no expediente a seguinte Moción do grupo municipal do Partido Popular que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial e do Medio do 24.10.2023, por 3 votos a favor do grupo municipal do Partido Popular e 6 abstencións (3 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, 2 do grupo municipal do Partido Socialista e 1 do grupo Mixto municipal), que transcrita di:

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE FENE CON MOTIVO DA INTERPOSICIÓN DUN RECURSO DE INCONSTITUCIONALIDADE CONTRA A LEI DE ORDENACIÓN INTEGRADA DO LITORAL, APROBADA POLO PARLAMENTO DE GALICIA O PASADO 4 DE XULLO.

O Grupo Municipal Popular de Fene conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, eleva ao Pleno a seguinte moción

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 10 de outubro, o Goberno central en funcións anunciou a interposición dun recurso de inconstitucionalidade contra a Lei de Ordenación Integrada do Litoral, aprobada polo Parlamento de Galicia o pasado 4 de xullo.

Deste xeito, o Executivo de Pedro Sánchez desbota calquera liña de diálogo coa comunidade autónoma de Galicia e pon en cuestión unha lei que respecta escrupulosamente a Constitución Española e as competencias nela establecidas.

O noso Estatuto de Autonomía reconece no seu artigo 27 que a comunidade autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en materia de ordenación do litoral, e que por dita exclusividade corresponde ao Parlamento de Galicia ditar as leis nesa materia e á Xunta de Galicia aprobar os Regulamentos e exercer a función executiva.

Tamén a Lei de Costas do Estado, no seu artigo 114 vén recoñecer que as Comunidades Autónomas exercerán as competencias que en materia de ordenación territorial e do litoral teñan atribuídas en virtude dos seus Estatutos.

Tamén o Tribunal Constitucional (TC) veu establecer que a titularidade estatal do dominio non é un criterio de atribución de competencias e que non pode excluír que as CCAA litoral exerzan as súas lexítimas competencias.

Ademais, o TC tamén vén recoñecer que nas Comunidades Autónomas con competencias exclusivas en materia de ordenación del litoral a facultade de outorgar títulos de ocupación

do litoral intégrase na competencia máis ampla de ordenación do litoral como función executiva.

A todo isto súmase o ditame emitido polo Consello Consultivo de Galicia no que, tras analizar as sentenzas do TC nesta materia, conclúe que Galicia ten potestades normativas para ordenar o seu litoral mediante lei e para outorgar os títulos de ocupación do litoral, faltando só o traspaso de medios e servizos para o seu exercicio efectivo.

Tendo en conta a opinión do Consultivo e todos os intentos realizados por parte do Goberno central co obxectivo de interferir na xestión do dominio público marítimo-terrestre e de impulsar cambios normativos para expulsar todo vestixio humano do noso litoral e que van en contra da propia identidade e dinámica do litoral galego, a Xunta tomou a decisión de impulsar a redacción da primeira Lei de ordenación do litoral de Galicia, que finalmente foi aprobada polo Parlamento galego.

Ao que debe engadirse que o Goberno Central non quixo sentarse coa Comunidade Autónoma para chegar a un acordo, senón que o que fixo foi acudir o máis pronto posible a un recurso de inconstitucionalidade para poder exercer o privilexio estatal de suspender unha lei autonómica.

Desde o Grupo Popular considérase imprescindible que Galicia non sexa tratada como unha comunidade de segunda, e que poida regular a súa costa para protexela máis e mellor.

De feito, a suspensión da lei supón a paralización das concesións no litoral e dos sistemas de depuración de augas. Poñendo en risco a viabilidade de preto de 4.000 edificacións e de centos de empresas que operan na costa. Así como prexudicar directamente a millón e medio de galegos que viven no noso litoral.

Por todo o exposto, e ante a relevancia desta cuestión para Galicia:

O Concello de Fene amosa o seu rexeitamento ante o recurso de inconstitucionalidade presentado contra a Lei de Ordenación e Xestión Integrada do Litoral e insta ao Goberno central a reconsiderar a súa decisión, sentándose a negociar coa comunidade autónoma de Galicia unha lei que se fundamenta nas lexítimas competencias exclusivas que á nosa comunidade lle recoñece o seu Estatuto.”

Sometido o asunto a votación, foi aprobado por maioría absoluta logo de obter 13 votos a favor (6 do grupo municipal do Partido Popular e 7 do grupo municipal do BNG) e 4 abstencións (3 do grupo municipal do Partido Socialista e 1 de grupo Mixto municipal)

A vista do resultado da votación, o pleno acorda:

O Concello de Fene amosa o seu rexeitamento ante o recurso de inconstitucionalidade presentado contra a Lei de Ordenación e Xestión Integrada do Litoral e insta ao Goberno central a reconsiderar a súa decisión, sentándose a negociar coa comunidade autónoma de Galicia unha lei que se fundamenta nas lexítimas competencias exclusivas que á nosa comunidade lle recoñece o seu Estatuto.

7. Aprobación, se procede, do “Manifesto institucional do 25 de novembro”.

Consta no expediente a seguinte Moción conxunta dos grupos municipais que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Dinamización Social do 24.10.2023, por 4 votos a favor (3 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e 1 do grupo Mixto municipal), 2 abstencións do grupo municipal Socialista e 3 votos en contra do grupo municipal do Partido Popular e que foi modificada por acordo dos grupos políticos municipais logo do seu ditame, sendo o texto xa modificado o que segue:

“MANIFESTO INSTITUCIONAL 25 NOVIEMBRE 2023

A violencia de xénero foi, e segue sendo, unha das manifestacións máis claras da desigualdade e subordinación nas relacións de poder dos homes sobre as mulleres. A violencia machista, violencia que vai máis aló da violencia de xénero dentro da parella ou expareja, abarca todas as violencias que se exercen sobre as mulleres polo feito de selo. A violencia sexual forma parte da vida diaria das mulleres.

C-0
093
150
P-
F-
C.I.

Este ano 2023 estivo marcado pola chegada aos gobernos autonómicos e municipais da ultradereita, o alterou as bases da convivencia democrática, eliminando dereitos conquistados e instalando prácticas e discursos negacionistas da violencia de xénero.

1.235 mulleres foron asasinadas, a nivel estatal, e dende 2003, data na que se comezan a contabilizar os asasinatos por violencia de xénero e 51 no que levamos de ano. O número de menores que quedaron en situación de orfandade por esta violencia, ascende a 416 desde 2015, ano en que se comezan a contabilizar como vítimas directas, e 49 menores foron asasinados/as.

A estatística sobre abusos e agresións sexuais do Balance de Criminalidade do Ministerio do Interior, revela que en 2022 producíronse 17.389 delitos contra a liberdade sexual en España, 48 de media ao día. No caso de Galicia, o pasado 13 de outubro, o Observatorio de Violencia do Consello Xeral do Poder Xudicial facía públicos os datos máis recentes respecto da violencia contra a muller na estatística xudicial, que nos permiten ver unha parte da súa enorme dimensión, ao térense rexistrado no primeiro semestre de 2023 un total de 1707 denuncias. Pola súa banda, na Memoria 2023 (Exercicio 2022) da Fiscalía de Galicia, recóllense máis de 5.000 delitos incoados como violencia de xénero, e máis de 1.600 contra a liberdade e a indemnidade sexual.

Un dos ámbitos que máis preocupa ás persoas expertas é o do lecer, o ocio nocturno e o coñecemento de violacións e agresións sexuais en grupo e por parte de agresores mozos. Lamentablemente, no verán de 2023 coñecemos agresións sexuais múltiples a través dos medios de comunicación, que nos recordan a necesidade de avanzar, como é o caso da violación de dous agresores no Porriño a unha moza no contexto dunhas festas, ou a agresión sexual tamén cometida por dous mozos a unha moza nas festas de Monforte en agosto, e recentemente vimos de coñecer polos medios de comunicación outra agresión sexual múltiple en Sarria. Aínda que o Parlamento galego acordou en febreiro de 2023, impulsar un Protocolo específico para este ámbito, e a Xunta afirmou que estaría listo antes do verán, continúa sen estar activado.

A violencia machista debe ser unha prioridade política, social e institucional de primeira orde e fronte a efemérides rituais e baleiras de contido, temos unha responsabilidade colectiva á hora de fixar novos compromisos, como adecuar as axudas á escalada de prezos e comprometer máis recursos, así como esixir o cumprimento daquelas cuestións que aínda están sen desenvolver da Lei galega contra a violencia machista, como é a atención psicolóxica na atención primaria.

Cando se fala de chegar a tempo diante a violencia de xénero, as leis son o marco, pero as concellerías de igualdade son as que aplican e garanten que a prevención, detección e atención ás vítimas sexan unha prioridade. Eliminar recursos e ferramentas para remover os obstáculos que impiden a igualdade, significa obviar as desigualdade estrutural que sofren as mulleres.

Por último, preocúpanos o aumento da violencia machista a través das redes sociais, e o desenvolvemento de aplicacións que poden atentar contra a integridade sexual, como os xa detectados de utilización de programas de Intelixencia Artificial simulando espidos de fotos de alumnas.

Por todo o exposto, o Pleno do Concello de Fene, adopta os seguinte ACORDOS:

- 1.- Ratificar o compromiso firme do Concello de Fene, cos dereitos das mulleres e a erradicación de calquera tipo de violencia machista.
- 2.- Expresar o seu rexeitamento polo avance dos discursos negacionistas e banalizadores da violencia machista, diante o aumento dos feminicidios que estamos a vivir durante o 2022, así como o seu apoio ás demandas do feminismo galego e ás convocatorias impulsadas ao abeiro do 25 de novembro de 2023.
- 3.- Instar á Xunta de Galicia a incrementar os recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero, do proxecto de orzamentos de 2024, de forma que se sitúen, como mínimo, no 1% do total, e así dotar de suficientes recursos para que se rectifique a liña de incumprimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, en aspectos como a atención psicolóxica na atención primaria (artigo 25), e se avance en medidas concretas, tales como elevar as contías da prestación periódica (artigo 39), para actualizalas conforme ao incremento do IPC.

C-0
069
150
P-
F:
C.I.

4.- Instar ás Administracións competentes a:

a) Incrementar os esforzos na prevención e na loita contra a violencia sexual, acelerando os traballos encamiñados ao cumprimento dos acordos parlamentarios en materia de aprobación e aplicación dun protocolo de prevención e intervención fronte agresións sexuais no marco do ocio nocturno e impulsando no curso 2023/2024 unha campaña específica sobre a violencia sexual e os recursos no ámbito do ensino secundario e universitario para espallar o seu coñecemento entre a poboación máis nova.

b) Impulsar as medidas necesarias para garantir a prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

5.- Demandar da Xunta de Galicia a aprobación dun programa de ampliación e extensión dos CIM a través das seguintes medidas:

5.1- O incremento da achega económica do programa de axudas e subvencións de apoio aos CIM, co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM, facendo especial énfase na creación destes centros naqueles concellos e comarcas nos que actualmente non existen ou están sobrecargados.

5.2- A contía económica máxima que a Xunta de Galicia achegará para o financiamento dos CIM, a través da liña de axudas anual, terá en conta a fixación de ratio mínimas de persoal, que deberán establecerse en función do número de mulleres potencialmente usuarias do servizo, así como a contratación a xornada completa, como mínimo, de todo o persoal que sexa obrigatorio para a acreditación do CIM. Así mesmo, o Programa de apoio aos CIM procurará que o orzamento garanta, non só o pagamento dos custes de persoal e de mantemento, senón tamén o desenvolvemento de actividades e programas de prevención da violencia machista e a promoción da igualdade.

5.3 Impulso das actuacións necesarias para que a normativa que regula os CIM, amplíe o persoal mínimo para a acreditación dos centros, para incorporar novos perfís profesionais, nomeadamente, persoal técnico en igualdade e persoal administrativo.

Fene, 19 de outubro de 2023.-"

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade do/as concelleiro/as.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1.- Ratificar o compromiso firme do Concello de Fene, cos dereitos das mulleres e a erradicación de calquera tipo de violencia machista.

2.- Expresar o seu rexeitamento polo avance dos discursos negacionistas e banalizadores da violencia machista, diante o aumento dos feminicidios que estamos a vivir durante o 2022, así como o seu apoio ás demandas do feminismo galego e ás convocatorias impulsadas ao abeiro do 25 de novembro de 2023.

3.- Instar á Xunta de Galicia a incrementar os recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero, do proxecto de orzamentos de 2024, de forma que se sitúen, como mínimo, no 1% do total, e así dotar de suficientes recursos para que se rectifique a liña de incumprimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, en aspectos como a atención psicolóxica na atención primaria (artigo 25), e se avance en medidas concretas, tales como elevar as contías da prestación periódica (artigo 39), para actualizalas conforme ao incremento do IPC.

4.- Instar ás Administracións competentes a:

a) Incrementar os esforzos na prevención e na loita contra a violencia sexual, acelerando os traballos encamiñados ao cumprimento dos acordos parlamentarios en materia de aprobación e aplicación dun protocolo de prevención e intervención fronte agresións

sexuais no marco do ocio nocturno e impulsando no curso 2023/2024 unha campaña específica sobre a violencia sexual e os recursos no ámbito do ensino secundario e universitario para espallar o seu coñecemento entre a poboación máis nova.

b) Impulsar as medidas necesarias para garantir a prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

5.- Demandar da Xunta de Galicia a aprobación dun programa de ampliación e extensión dos CIM a través das seguintes medidas:

5.1- O incremento da achega económica do programa de axudas e subvencións de apoio aos CIM, co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM, facendo especial énfase na creación destes centros naqueles concellos e comarcas nos que actualmente non existen ou están sobrecargados.

5.2- A contía económica máxima que a Xunta de Galicia alcanzará para o financiamento dos CIM, a través da liña de axudas anual, terá en conta a fixación de ratio mínimas de persoal, que deberán establecerse en función do número de mulleres potencialmente usuarias do servizo, así como a contratación a xornada completa, como mínimo, de todo o persoal que sexa obrigatorio para a acreditación do CIM. Así mesmo, o Programa de apoio aos CIM procurará que o orzamento garanta, non só o pagamento dos custes de persoal e de mantemento, senón tamén o desenvolvemento de actividades e programas de prevención da violencia machista e a promoción da igualdade.

5.3 Impulso das actuacións necesarias para que a normativa que regula os CIM, amplíe o persoal mínimo para a acreditación dos centros, para incorporar novos perfís profesionais, nomeadamente, persoal técnico en igualdade e persoal administrativo.

8. Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, aprobación, se procede, da Proposta de aprobación da Política de Seguridade da Información do Concello de Fene.

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía que é incluída na orde do día por unanimidade, e que transcrita di:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DA POLÍTICA DE SEGURIDADE DA INFORMACIÓN DO CONCELLO DE FENE

Conforme indica o artigo 156 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público:

“1.El Esquema Nacional de Interoperabilidad comprende el conjunto de criterios y recomendaciones en materia de seguridad, conservación y normalización de la información, de los formatos y de las aplicaciones que deberán ser tenidos en cuenta por las Administraciones Públicas para la toma de decisiones tecnológicas que garanticen la interoperabilidad.

2. El Esquema Nacional de Seguridad tiene por objeto establecer la política de seguridad en la utilización de medios electrónicos en el ámbito de la presente Ley, y está constituido por los principios básicos y requisitos mínimos que garanticen adecuadamente la seguridad de la información tratada.”

O Esquema Nacional de Interoperabilidade (en diante ENS), regúlase no Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade que dispón:

“Artículo 12. Política de seguridad y requisitos mínimos de seguridad.

1. La política de seguridad de la información es el conjunto de directrices que rigen la forma en que una organización gestiona y protege la información que trata y los servicios que presta. A tal efecto, el instrumento que apruebe dicha política de seguridad deberá incluir, como mínimo, los siguientes extremos:

- a) Los objetivos o misión de la organización.
- b) El marco regulatorio en el que se desarrollarán las actividades.
- c) Los roles o funciones de seguridad, definiendo para cada uno, sus deberes y responsabilidades, así como el procedimiento para su designación y renovación.
- d) La estructura y composición del comité o los comités para la gestión y coordinación de la seguridad, detallando su ámbito de responsabilidad y la relación con otros elementos de la organización.
- e) Las directrices para la estructuración de la documentación de seguridad del sistema, su gestión y acceso.
- f) Los riesgos que se derivan del tratamiento de los datos personales.

2. Cada administración pública contará con una política de seguridad formalmente aprobada por el órgano competente. Asimismo, cada órgano o entidad con personalidad jurídica propia comprendido en el ámbito subjetivo del artículo 2 deberá contar con una política de seguridad formalmente aprobada por el órgano competente.

No obstante, la totalidad o una parte de los sujetos de un sector público institucional podrán quedar incluidos en el ámbito subjetivo de la política de seguridad aprobada por la Administración con la que guarden relación de vinculación, dependencia o adscripción, cuando así lo determinen los órganos competentes en el ejercicio de las potestades de organización.

3. En la Administración General del Estado, cada ministerio contará con su política de seguridad, que aprobará la persona titular del Departamento. Los organismos públicos y entidades pertenecientes al sector público institucional estatal podrán contar con su propia política de seguridad, aprobada por el órgano competente, que será coherente con la del Departamento con el que mantenga la relación de vinculación, dependencia o adscripción, o bien quedar comprendidos en el ámbito subjetivo de la política de seguridad de este. También podrán contar con su propia política de seguridad, aprobada por el órgano competente, coherente con la del Departamento del que dependan o al que estén adscritos, los centros directivos de la propia Administración General del Estado que gestionen servicios bajo la declaración de servicios compartidos.

4. La Secretaría General de Administración Digital del Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital dispondrá de su propia política de seguridad, que será aprobada por la persona titular de la misma.

5. Los municipios podrán disponer de una política de seguridad común elaborada por la entidad local comarcal o provincial que asuma la responsabilidad de la seguridad de la información de los sistemas municipales.

6. La política de seguridad se establecerá de acuerdo con los principios básicos señalados en el capítulo II y se desarrollará aplicando los siguientes requisitos mínimos:

- a) Organización e implantación del proceso de seguridad.
- b) Análisis y gestión de los riesgos.
- c) Gestión de personal.
- d) Profesionalidad.
- e) Autorización y control de los accesos.
- f) Protección de las instalaciones.
- g) Adquisición de productos de seguridad y contratación de servicios de seguridad.
- h) Mínimo privilegio.
- i) Integridad y actualización del sistema.
- j) Protección de la información almacenada y en tránsito.
- k) Prevención ante otros sistemas de información interconectados.
- l) Registro de la actividad y detección de código dañino.
- m) Incidentes de seguridad.
- n) Continuidad de la actividad.
- ñ) Mejora continua del proceso de seguridad.

7. Los requisitos mínimos se exigirán en proporción a los riesgos identificados en cada sistema, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 28, alguno de los cuales podrá obviarse en sistemas sin riesgos significativos.

Artículo 13. Organización e implantación del proceso de seguridad.

C-0
069
150
P-
F-
C.I.

1. La seguridad de los sistemas de información deberá comprometer a todos los miembros de la organización.

2. La política de seguridad, en aplicación del principio de diferenciación de responsabilidades a que se refiere el artículo 11 y según se detalla en la sección 3.1 del anexo II, deberá ser conocida por todas las personas que formen parte de la organización e identificar de forma inequívoca a los responsables de velar por su cumplimiento, los cuales tendrán las siguientes funciones:

- a) El responsable de la información determinará los requisitos de la información tratada
- b) El responsable del servicio determinará los requisitos de los servicios prestados.
- c) El responsable de la seguridad determinará las decisiones para satisfacer los requisitos de seguridad de la información y de los servicios, supervisará la implantación de las medidas necesarias para garantizar que se satisfacen los requisitos y reportará sobre estas cuestiones.
- d) El responsable del sistema, por sí o a través de recursos propios o contratados, se encargará de desarrollar la forma concreta de implementar la seguridad en el sistema y de la supervisión de la operación diaria del mismo, pudiendo delegar en administradores u operadores bajo su responsabilidad.

3. El responsable de la seguridad será distinto del responsable del sistema, no debiendo existir dependencia jerárquica entre ambos. En aquellas situaciones excepcionales en las que la ausencia justificada de recursos haga necesario que ambas funciones recaigan en la misma persona o en distintas personas entre las que exista relación jerárquica, deberán aplicarse medidas compensatorias para garantizar la finalidad del principio de diferenciación de responsabilidades previsto en el artículo 11.

4. Una Instrucción Técnica de Seguridad regulará el Esquema de Certificación de Responsables de la Seguridad, que recogerá las condiciones y requisitos exigibles a esta figura.

5. En el caso de servicios externalizados, salvo por causa justificada y documentada, la organización prestataria de dichos servicios deberá designar un POC (Punto o Persona de Contacto) para la seguridad de la información tratada y el servicio prestado, que cuente con el apoyo de los órganos de dirección, y que canalice y supervise, tanto el cumplimiento de los requisitos de seguridad del servicio que presta o solución que provea, como las comunicaciones relativas a la seguridad de la información y la gestión de los incidentes para el ámbito de dicho servicio.

Dicho POC de seguridad será el propio Responsable de Seguridad de la organización contratada, formará parte de su área o tendrá comunicación directa con la misma. Todo ello sin perjuicio de que la responsabilidad última resida en la entidad del sector público destinataria de los citados servicios."

O Concello de Fene a través da Deputación Provincial da Coruña vai entrar nun proceso de certificación do ENS.

Un dos pasos iniciais consiste na aprobación da Política de Seguridade conforme ao artigo 12 do Real Decreto 311/2022, de 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade.

En base ao que antecede e que esta política, tal e como incida a normativa vixente, debe comprometer a todos os membros da organización, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

- 1.- Aprobar a Política de Seguridade que se incorpora como Anexo I a esta Proposta.
- 2.-Publicar a Política de Seguridade no BOP e Portal de Transparencia.

Asinado dixitalmente polo alcalde Juventino José Trigo Rey.

C-0
096
150
P-
F:
C.I.

Anexo I

POLÍTICA DE SEGURIDADE DO CONCELLO DE FENE

1. APROBACIÓN E ENTRADA EN VIGOR

Esta "Política de Seguridade da Información", en diante Política, será efectiva desde a data da súa aprobación polo Pleno municipal e ata que sexa substituída por unha nova Política.

2. INTRODUCCIÓN

O Concello de Fene depende dos sistemas TIC (Tecnoloxías de Información e Comunicacions) para alcanzar os seus obxectivos, exercer as súas competencias e prestar os servizos que ten atribuída. Estes sistemas deben ser administrados con dilixencia, tomando as medidas adecuadas para protexelos fronte a danos accidentais ou deliberados que poidan afectar á dispoñibilidade, integridade ou confidencialidade da información tratada ou dos servizos prestados.

O obxectivo da seguridade da información é garantir a confidencialidade, integridade, autenticidade e trazabilidade da información e a prestación continuada dos servizos, actuando preventivamente, supervisando a actividade diaria e reaccionando con presteza aos incidentes.

Os sistemas TIC deben estar protexidos contra ameazas de rápida evolución con potencial para incidir na confidencialidade, integridade, dispoñibilidade, uso previsto e valor da información e dos servizos. Para defenderse destas ameazas, requírese unha estratexia que se adapte aos cambios nas condicións da contorna para garantir a prestación continua dos servizos. Isto implica que os departamentos deben aplicar as medidas mínimas de seguridade esixidas polo Esquema Nacional de Seguridade, así como realizar un seguimento continuo dos niveis de prestación de servizos, seguir e analizar as vulnerabilidades reportadas, e preparar unha resposta efectiva aos incidentes para garantir a continuidade dos servizos prestados.

Os diferentes departamentos deben confirmarse de que a seguridade TIC é unha parte integral de cada etapa do ciclo de vida do sistema, desde a súa concepción ata a súa retirada de servizo, pasando polas decisións de desenvolvemento ou adquisición e as actividades de explotación. Os requisitos de seguridade e a valoración do seu custo, deben ser identificados e incluída na planificación, na solicitude de ofertas, e en pregos de licitación para proxectos de TIC.

3. MISIÓN DO CONCELLO DE FENE.

